



MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

O CASTRO

Os traballos arqueolóxicos realizados desde 1972 evidencian un asentamento continuado no Castro de Viladonga, onde a maior ocupación se produciu entre os séculos II e V d. C. Tanto os materiais como as estruturas atopadas fan del un sitio clave para estudar e coñecer a evolución da cultura castrexa e galaico-romana no ámbito rural. Foi declarado BIC pola Xunta de Galicia no ano 2009.

O castro consta de varios recintos de murallas e fosos, dous antecastros ou zonas de expansión e unha grande área central ou croa, onde se atopan a maioría das estruturas escavadas. O interior da croa artéllase arredor de dous camiños que se cruzan de norte a sur e de leste a oeste e unha rolda interior paralela á muralla principal. As construcións adoitan agruparse formando conxuntos ou "barrios", ás veces arredor dun patio.



Unha visita ao Castro de Viladonga

1. As defensas. Ao castro accédese polo seu lado leste, onde a escasa pendente do terreo deu lugar á construción dunha sucesión de catro murallas e tres fosos. A escavación arqueolóxica deste sistema defensivo revelou a estrutura das murallas, de terra e pedra e a notable profundidade dos fosos.

2. Acceso ao interior da croa. Esta entrada ao poboado faise a través dun corredor monumental, flanqueado por altos paramentos, nos que se descubriron os vans de dúas portas sucesivas. Na exterior, no centro do camiño, atopouse unha pedra circular de granito cunha acanaladura central.

3. Construción arredor dun patio. Situada nunha parte preeminente do poboado, nesta ampla construción as estancias ordénanse arredor dun patio central parcialmente lousado. Na súa escavación apareceu unha gran cantidade de cerámica romana importada, vidros e obxectos de luxo. Todo isto remite a unha construción pertencente a unha familia de certo poder -polo menos económico- e fortemente romanizada.

4. Construcións da área nororiental. Nesta zona do castro conviven estruturas independentes de planta circular con outras de planta cuadrangular, entre as que destaca unha gran construción alongada de uso non coñecido.

5. Construcións da área suroriental. Este conxunto habitacional está composto por varias estancias pegadas ás que se accede a través dun corredor. Unha delas está lousada e noutra consérvase unha lareira.

6. Antecastro oeste. Esta ampla terraza puido utilizarse para cultivar a terra, para estabular o gando ou para ampliar a zona de habitación do poboado. Nela descubriuse parte do camiño de acceso á croa, así como restos dun silo no interior dunha construción rectangular.


7. Antecastro sueste. Neste antecastro localízase a entrada dunha cova ou galería de prospección antiga na que medra o musgo luminoso *Schistostega pennata*, de cor verde intensa. Trátase dunha especie pouco representada na flora europea e ameazada de desaparición.

Horario

Aberto todos os días
(agás 24, 25 e 31 de decembro; 1 e 6 de xaneiro)
De marzo a outubro: 10:00 a 20:00 h
De novembro a febreiro: 10:00 a 19:00 h

Museo do Castro de Viladonga
27259 Castro de Rei - Lugo

T. 982 314 255 museo.viladonga@xunta.gal
F. 982 314 194 www.viladonga.gal




O MUSEO

A importancia arqueolóxica e o interese histórico do Castro de Viladonga, a cantidade e calidade dos materiais aparecidos, así como a necesidade de investigalos e expoñelos no seu propio contexto, fixeron que o Ministerio de Cultura crease en 1983 o Museo do Castro de Viladonga, nun edificio que fora construído entre 1976 e 1978. O Museo abriu ao público o 29 de novembro de 1986. En 1990 a xestión do Museo transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia. Entre 1992 e 1994 realizáronse importantes obras de ampliación e reforma das instalacións.

O Museo está situado ao pé da última muralla do lado SL do Castro e chégase a el desde o km 70 da estrada N-640 -de Vegadeo a Pontevedra-, a 23 km de Lugo.

En 1989 créase a Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, a que ten como fins primordiais potenciar e difundir as actividades culturais, científicas e didácticas do Museo, así como promover a protección e o coñecemento do Castro.



Sala 0. Información complementaria. Nesta sala amósanse os traballos arqueolóxicos realizados no Castro desde 1972 así como a historia do Museo. Ofrécese tamén información sobre a cultura castrexa, a época galaico-romana e sobre a contorna natural e patrimonial do Castro de Viladonga.

Sala 1. Medio natural e hábitat. Nesta sala móstranse aspectos relacionados co medio natural no que se insire o xacemento; infórmase sobre un posible nivel prerromano do Castro e explícase a disposición e tipo das defensas, a organización do poboado e os diversos tipos de construcións e os seus elementos.

Sala 2. Cultura material I. Nesta sala expóñense materiais relacionados coa vida cotiá no Castro de Viladonga. Nela atópase tamén unha gran maqueta que reconstrúe o poboado castrexo no seu conxunto.

Sala 3. Cultura material II. Nesta sala amósanse obxectos de adorno para persoas e cabalarías, xoias e adobios, moedas, xogos, amuletos e outros materiais de diferente feitura e usos. Nesta última sala, unha maqueta-vídeo recrea diversas escenas da vida cotiá no Castro de Viladonga.

M



Denario de prata de Augusto (Anverso)



Puñaliño de antenas de bronce

U



Arracada ou pendente con cadeíña

O



Compás de bronce

E



Torques aparecido en 1974

U

E



Choca ou cinzarru de ferro

S



Carra de bocado de freo de cabalo

S

O



Aplique de bronce con cabeza humana

E

M